Xuízas e Xuíces
para a
Democracia

ACTA DA SECCIÓN TERRITORIAL DE GALICIA DE XUICES E XUIZAS PARA A DEMOCRACIA CORRESPONDIENTE Á REUNIÓN CELEBRADA O DÍA 09.03.2018 EN PONTEVEDRA.

A reunión iníciase ás 15:00 horas coa presenza de Luciano Varela, Carlos López Keller, Fernando Cabezas, Javier Menéndez, Sonia Platas , Daniel Prieto, Miguel Aramburu, Xermán Varela, Celeste Ameneiro, Julio César Díaz Casales, Sandra Piñeiro
Escusaron a súa asistencia ao acto Paz Filgueira, Teresa Conde-Pumpido, Alfredo Fernández.

Temas tratados consonte orde do día:

Posta a disposición da Coordinación da ST.

Xermán propuxo a Sandra Piñeiro como coordinadora, amosando o resto de asistentes a súa conformidade por asentimento xeral.

Información da coordinación e sobre o Comité Permanente e sobre actividade asociativa:

Acudiuse ao Comité permanente celebrado a finais de xaneiro en Madrid, e no que se aprobou o informe de xestión do Secretariado, o documento "*Facer máis grande Jjpd*", unha proposta do Secretariado para participar na institucións e propiciar que no próximo congreso se debata sobre a eventual participación da asociación no proceso de elección de vogais ao CGPJ, outro documento sobre as relacións da asociación coa sociedade, ampliar a posibilidade do voto telemático para algúns asuntos, un documento contra a prisión permanente revisable, as propostas da Comisión de Privado fronte aos xulgados de condicións xerais, apoiar as 14 propostas de reivindicación consensuadas entre as asociacións xudiciais, unha proposta de Murcia sobre expediente dixital, outra de Andalucía Occidental instando o achegamento de presos de ETA, un comunicado de crítica aos últimos nomeamentos ao Tribunal Supremo, e que o próximo congreso teña lugar en León os días 24 e 25 de maio, así como información facilitada polo Secretariado acerca de hipoteca e contratos do persoal laboral da asociación.

Respecto da Promoción da participación como asociación nos diferentes eidos sociais que traten cuestións xurídicas de interese público, como colexios profesionais, asociacións cidadás, partidos políticos, universidade e outros colectivos semellantes, debatiuse acerca da problemática de ausencia de novas afiliacións e baixas producidas e interpretación dos datos.

Confirmouse a asistencia da coordinación ao Congreso.
Deuse traslado do Plan Territorial de Formación para propostas de participación no mesmo.

Explicouse o resultado do plan territorial de formación, no que houbo moita demanda para case todos os cursos, e o resultado acadado. Deuse conta das propostas que saíron adiante dentro do plan de formación. Debatiuse acerca da proposta por parte de Paz Filgueira acerca *do feito de que de forma sucesiva na dirección dos cursos de formación, neste caso de Galicia, sexan nomeados directores os homes de forma reiterada, sen ter en conta que na actualidade a maioria dos cargos da xudicatura e xa por riba do 50 % nesta comunidade somos mulleres: Ata esta cifra escandalosa de que nesta anualidade nun total de 11 cursos, so duas directoras sexan mulleres - que representa moito menos da cifra que sería representativa- e una delas nin siquera e maxistada o que clama mais se cabe. Esto e unha práctica reiterada que precisa de ser correxida por iso me gustaría que a sección se pronunciase acerca de tal extremo, así como acerca da posibilidade de comunicar a discordancia con este extremo.*

Tratouse o tema dos deficitarios servizos de tradución e intérpretes, e como está a afectar ás partes no proceso, analizando a posibilidade dunha xornada sobre o tema acerca da incidencia da función dos intérpretes na tutela dos dereitos da cidadanía, e problemática suscitada nesta materia, reproducindo a achega de Paz Filgueira no sentido de que *Fai xa dous anos que eu mesma xunto con representante da universidade de VIGO, - de facultade de traducción e interpretación- acudimos en reunion co presidente do Tribunal Superior de Xustiza para manifestar de forma directa as graves deficiencias que a xunta de Galicia dispensa con respeto a este dereito fundamental das partes no proceso, o propio presidente se fixo eco e introduceu dito debate na comisión mixta. Nunca mais supen, a pesar de reiteradas queixas, polo que propuña que se introducise este debate e que de novo a traves desta sección terrirorial se canalizase á comisón mixta a nosa posición no tema, para o cal se compromete a redactar un escrito acerca das deficiencias no tema e canalizalo xunto ca unversidade asinado ambos para que sexa mais riguroso.* Apróbase o ofrecemento de Paz de elaborar un documento que remitir.

Aprobouse o 23.02.2018 comunicado da ST en materia de folga na Xustiza.

Respecto dos medios de comunicación fixéronse declaracións a diversos medios acerca da falta de visibilidade das xuízas na cúpula xudicial na Radio Galega, e respecto da folga da Xustiza a EFE, EL PAIS, LA SEXTA, PRAZA PUBLICA, SERMOS GALIZA, RADIO GALEGA, TVG e outros.

No foron formulados nin rogos nin preguntas, polo que sin mais puntos que tratar, púxose fin á reunión sobre as 19:00 horas.